

Facultade de Ciencias
Económicas e Empresariais



**Informe final de
avaliación do PAT
Curso 20-21**

R2- D00203 P1

I. INTRODUCCIÓN	4
II. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DO GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS	6
TÁBOA 1: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías.....	7
TÁBOA 2: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías.....	8
TÁBOA 3: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías.....	10
TÁBOA 4: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías.....	11
III. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DO GRAO EN ECONOMÍA	13
TÁBOA 5 PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías.....	14
TÁBOA 6: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías.....	15
PROGRAMA DE MENTORES NO GRAO EN ECONOMÍA	17
IV. SESIÓN INFORMATIVA SOBRE O PROCESO DE SELECCIÓN, ASIGNACIÓN E REALIZACIÓN DOS TFG	19
V. A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS TRANSVERSAIS	20
VI. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DO MASTER EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (MAiE)	23
i) ACCIÓNS PREVIAS Á MATRÍCULA.....	23
ii) ACCIÓNS POSTERIORES Á MATRÍCULA.....	24
iii) OUTRAS ACCIÓNS DE SEGUIMENTO DESENVOLVIDAS. ATENCIÓN PERSONALIZADA	25
iv) DETALLE DALGUNHAS DAS ACCIÓNS DE TITORIZACIÓN	26
VIII. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DO MASTER EN FINANZAS	30
IX. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DO MASTER EN TÉCNICAS ESTADÍSTICAS.	33
i) COORDINACIÓN	33
ii) ACCIÓNS PREVIAS Á MATRÍCULA.....	34
iii) ACCIÓNS PARA ALUMNOS MATRICULADOS	35
iv) ENQUISAS	37
X. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DO MASTER EN XESTIÓN DO DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (MXDS)	40
i) PERÍODO DE PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA DO ALUMNADO.	40
ii) PERÍODO DO CURSO ACADÉMICO.....	40
iii) PERÍODO POSTERIOR AO CURSO ACADÉMICO	41



I. INTRODUCCIÓN

O Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT - AENAE) da Facultade de CC. Económicas e Empresariais recolle un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración de todo o alumnado na vida universitaria e atender as súas necesidades formativas e informativas. As accións específicas de apoio educativas que sexa necesario implantar para atender as necesidades do alumnado intégranse neste mesmo plan.

A implantación deste modelo de PAT-ANEAE supón superar o modelo especificamente académico, só preocupado pola transmisión de coñecementos, e apostar por un modelo educativo no que conflúen ademais funcións socioeducativas e integradoras baseadas en relacións recíprocas e interaccións tutor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc. Apóstase, en definitiva, polo desenvolvemento persoal e a integración do alumnado con necesidades específicas. Estas dúas dimensións inciden dunha forma directa no desenvolvemento académico e no éxito profesional.

Esta ferramenta consolida unha liña de acción tutorial coherente coas necesidades do alumnado, que normaliza as distintas accións co obxectivo de acadar un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no actual marco de educación superior.

O Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo apunta directamente cara á garantía e á adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, á adquisición de competencias do alumnado, á atención á diversidade, á orientación cara á aprendizaxe etc., recollidos dunha forma ampla tanto nas memorias dos títulos coma no sistema de garantía de calidade do centro e vertebrados, e tamén a través do Programa de atención ás necesidades específicas de apoio educativo ou programa equivalente que o substitúa ou inclúa.

Dende a implantación dos Graos na Facultade, no curso 2009-2010 foi incorporándose o alumnado de novo ingreso no Plan de Acción Tutorial, coa finalidade de motivar e apoiar a súa participación na vida universitaria, como establece o propio sistema da Facultade. Con tal motivo, a cada estudante matriculado se lle asigna a principios do primeiro curso un profesor/a tutor/a o cal se mantén durante todos os cursos da carreira.

O número total de alumnos/as de nova matrícula implicados no Plan de Acción Tutorial do curso 2020-2021 é de 200 no Grado en ADE e de 67 no Grao en Economía, e foron distribuídos entre todos os docentes do centro.

Ao inicio do curso 2020-2021, na Xornada de Acolida, o equipo decanal informou ao novo alumnado do PAT da Facultade e recordou ao alumnado dos demais cursos a

posibilidade de contar en todo momento cos seus titores. A asistencia a dita reunión foi numerosa, participando máis de seiscentos alumnos e alumnas da facultade.

Dentro das actividades desenvolvidas no marco do PAT informouse tamén ao alumnado dos programas de mobilidade, das accións no Plan de atención ao alumnado con necesidades especiais, dos canais de transmisión de suxerenzas, queixas ou parabéns, das enquisas de satisfacción, etc.

A maiores, nesa primeira sesión de presentación do curso, comunicóuselle ao alumnado a posibilidade de contar tamén, e en todo momento, coa coordinadora do PAT Ana Esther Castro Fernández, co Decano Jorge Falagán Mota, así como co resto de membros do equipo decanal. Esta proposta debeuse á reflexión feita ao sobre o funcionamento do PAT nos anos previos a 2018. A pesar da publicidade do mesmo por parte dos anteriores responsables, tanto nas xornadas de inicio de curso, como a través do envío dun correo electrónico, informando dos profesores titores e mesmo nas pantallas ou cartelería da Facultade, a maior parte do alumnado nunca tiña contacto algún co seu titor/a durante os anos de estudo no centro. O novo equipo decanal considerou que a implicación máis directa dos seus membros no PAT, organizando reunións regulares co alumnado dos distintos cursos e titulacións, podería devenir nunha maior participación no sistema. Con tal propósito, dende 2019 organízanse sesións de contacto cos estudantes dos distintos cursos dos Graos en ADE e en Economía ao longo do curso. Nos seguintes epígrafes deste Informe darase conta dos resultados destas reunións.

No que sigue farase unha presentación das reunións co alumnado nos Graos de ADE e Economía e se exporán as principais conclusións das mesmas. Tamén se dará conta da organización do proceso de selección e asignación de Traballos de Fin de Grao, da organización de actividades complementarias para a adquisición de competencias transversais, da atención ao alumnado con necesidades especiais e se recollerán as accións desenvolvidas polos mestrados no ámbito do PAT.

II. PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL DO GRAO EN ADMINISTRACIÓN E DIRECCIÓN DE EMPRESAS

Como foi comentado na introdución a este informe, na sesión de presentación do curso, o 2 de setembro de 2020, fíxoselles aos estudantes da Facultade unha exposición sobre que é o PAT e por que é interesante para eles a súa participación activa no desenvolvemento do mesmo.

Ao pouco tempo do comezo das clases, enviáuselles un correo electrónico no que se lles informou sobre os títulos que se lles asignaran e publicouse na web da Facultade o listado coas referidas asignacións (Anexo III do Informe).

Durante o mes de novembro, unha vez que o curso xa estaba en marcha, organizáronse reunións virtuais a través de campus Remoto, en horario de mañá e de tarde para que puidese acudir o maior número de alumnos que fose posible, xa que a docencia no centro está organizada en quendas de mañá e de tarde. A causa da situación derivada da pandemia o curso tivo que ser organizado de forma semipresencial, de modo que o alumnado asistía ás instalacións da Facultade semana si, semana no. A utilización de aulas virtuais para a realización das reunións resultou de gran utilidade.

Día e hora da reunión	Curso
Mércores 4 de novembro de 2020, 12:30 h	1º e 2º de ADE
Mércores 4 de novembro de 2020, 18 h	1º e 2º de ADE
Xoves 5 de novembro de 2020, 10 h	3º e 4º de ADE
Xoves 5 de novembro de 2020, 16:30 h	3º e 4º de ADE

A asistencia do alumnado non foi moi alta, a pesar do envío de correos electrónicos informativos nos que se destacaba a importancia da súa presenza na reunión. Asistiron un total de 110 alumnos e alumnas.

Na seguinte táboa resúmese a información tratada có alumnado de 1º e 2º curso do Grao en ADE.

TÁBOA 1: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías

Centro	FCCEE	Ano académico 2020/2021		
Curso e Titulación	1º e 2º ADE			
Data e hora	Mércores 4 de novembro e Xoves 5 de novembro, no salón de actos virtual da Facultade.			
Tipo de Titoría	En grupo	X	Individual	
Alumnado asistente á reunión:	70 alumnos/as			
Tipo de reunión	1º Cuadrimestre			
Reunión solicitada por	Coordinadora PAT			
Motivo de la reunión:	Avaliar a traxectoria dos primeiros meses do alumnado na Facultade e presentarlles os proxectos do equipo decanal; comentar os problemas e necesidades derivadas da docencia semipresencial.			
Temas formulados:	<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da consulta das guías docentes - Importancia da asistencia ás clases - Importancia da asistencia ás conferencias organizadas polo Decanto ou polo profesorado do Centro. - Importancia dunha boa organización dos estudos - A participación do alumnado nos órganos colexiados da Facultade. - Convocatoria de eleccións para a representación do alumnado nos órganos de goberno da Facultade. - Información e resolución de dúbidas sobre o PAT. - Información sobre o Foro de Emprego. - Información sobre os programas de mobilidade e a acreditación de idiomas - Información sobre as canles de comunicación entre a Facultade e o alumnado (páxina web, faitic, moovi, redes sociais...) - Potenciais accións de mellora 			

Desenvolvemento (observacións):	Os asistentes manifestaron interese polos proxectos comentados e a reunión transcorreu nun ambiente cordial e sen ningún tipo de incidencia. O alumnado amosou a súa preocupación polos sistemas de avaliación nun contexto de semipresencialidade, pola preparación dalgúns/has profesores e profesoras en cuestións técnicas
Acordos e compromisos:	<ul style="list-style-type: none"> - Organización dunha sesión informativa específica sobre os programas de mobilidade coa vicedecana de relacións internacionais. - Seguir informando sobre o Foro de emprego. - Contactar co profesorado para que lles informen sobre os sistemas de avaliación e lles transmitan confianza. - Seguir coas sesións informativas ao profesorado, para asesoramento en cuestións relativas ao funcionamento dos aparellos tecnolóxicos necesarios para a docencia semipresencial.

A asistencia ás reunións do alumnado de 3º e 4º curso tampouco foi numerosa. Os temas tratados recóllense na seguinte táboa:

TÁBOA 2: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías

Centro	FCCEE	Ano académico 2020/2021		
Curso e Titulación	3º e 4º ADE			
Data e hora	Xoves 5 de novembro, no salón de actos virtual da Facultade			
Tipo de Titoría	En grupo	X	Individual	
Alumnado asistente á reunión:	40 alumnos/as			
Tipo de reunión	1º cuadrimestre			
Reunión solicitada por	Coordinadora PAT			
Motivo de la reunión:	Avaliar a evolución dos primeiros meses do curso e presentarles os proxectos do equipo decanal.			

<p>Temas formulados:</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da asistencia a clases - Importancia da asistencia ás conferencias organizadas polo Decanto ou polo profesorado do Centro. - A participación do alumnado nos órganos colexiados da Facultade. - Convocatoria de eleccións para a representación do alumnado nos órganos de goberno da Facultade. - Información sobre o Foro de Emprego. - Información sobre os programas de mobilidade e a acreditación de idiomas - Información sobre as canles de comunicación entre a Facultade e o alumnado (páxina web, faitic, moovi, redes sociais...) - Información sobre os Actos de Graduación para o alumnado de 4º curso. - Potenciais accións de mellora na Facultade
<p>Desenvolvemento (observacións):</p>	<p>A reunión transcorreu nun ambiente cordial e sen ningún tipo de incidencia destacable.</p> <p>O alumnado mostrou moito interese polo Foro de emprego e pola posible organización de Actos de Graduación, pola posibilidade de realizar prácticas externas no contexto da pandemia.</p>
<p>Acordos e compromisos:</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Seguir informando sobre o Foro de emprego e valorar a posibilidade de realizar o acto de Graduación. - Organizar unha reunión coa persoa coordinadora de prácticas externas.

En canto aos acordos e compromisos có alumnado compre sinalar que foron todos realizados.

No segundo cuadrimestre organizáronse novas reunións co alumnado da titulación co fin de analizar a evolución do curso. Novamente, as reunións foron convocadas no salón de actos virtual da Facultade.

<p>Xoves 15 de abril - 12h</p>	<p>1º e 2º ADE - Salón de actos virtual da FCCEE</p>
<p>Xoves 15 de abril - 18h.</p>	<p>1º e 2º ADE - Salón de actos virtual da FCCEE</p>

Venres 16 de abril - 10h.	3º e 4º ADE- Salón de actos virtual da FCCEE
Venres 16 de abril - 16h.	3º e 4º ADE - Salón de actos virtual da FCCEE

A participación foi algo menor que nas reunións celebradas no primeiro cuadrimestre.

TÁBOA 3: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías

Centro	FCCEE	Ano académico 2020/2021	
Curso e Titulación	1º e 2º ADE		
Data e hora	Xoves 15 de abril, ás 12h e ás 18h, no salón de actos virtual da Facultade.		
Tipo de Titoría	En grupo	X	Individual
Alumnado asistente á reunión:	65 alumnos/as		
Tipo de reunión	2º Cuadrimestre		
Reunión solicitada por	Coordinadora PAT		
Motivo de la reunión:	Avaliar a traxectoria no curso do alumnado da Facultade		
Temas formulados:	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento das clases semipresenciais. - Participación nas elección para a representación do alumnado nos órganos de goberno da Facultade. - Valoración do Foro de Emprego. - Enquisas de avaliación docente. 		
Desenvolvemento (observacións):	<p>Como no primeiro cuadrimestre a reunión transcorreu nun ambiente cordial e sen ningún tipo de incidencia.</p> <p>O alumnado valorou a evolución do profesorado no emprego da tecnoloxía para o desenvolvemento da docencia semipresencial.</p>		

TÁBOA 4: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías

Centro	FCCEE	Ano académico 2020/2021		
Curso e Titulación	1º e 2º ADE			
Data e hora	Venres 16 de abril, ás 10h e ás 16h, no salón de actos virtual da Facultade.			
Tipo de Titoría	En grupo	X	Individual	
Alumnado asistente á reunión:	50 alumnos/as			
Tipo de reunión	2º Cuadrimestre			
Reunión solicitada por	Coordinadora PAT			
Motivo de la reunión:	Avaliar a traxectoria no curso do alumnado na Facultade			
Temas formulados:	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento das clases semipresenciais. - Participación nas eleccións para a representación do alumnado nos órganos de goberno da Facultade. - Valoración do Foro de Emprego. - Enquisas de avaliación docente. - Enquisas de satisfacción - Posibilidade de realizar actos de graduación. 			
Desenvolvemento (observacións):	<p>Como no primeiro cuadrimestre a reunión transcorreu nun ambiente cordial e sen ningún tipo de incidencia.</p> <p>O alumnado valorou a evolución do profesorado no emprego da tecnoloxía para o desenvolvemento da docencia semipresencial.</p>			

Como conclusión final pódese afirmar que o curso transcorreu sen incidentes e que tanto o alumnado coma o profesorado fóronse adaptados á situación excepcional de

semipresencialidade derivada da situación sanitaria. Tanto o alumnado coma o profesorado da Facultade entenden a semipresencialidade coma un mal menor, pero prefiren escenarios de presencialidade total.

Das reunións co alumnado pódese tamén concluír que o profesorado que xa impartira clases virtuais no segundo cuadrimestre do curso 2019-2020 adquirira competencias dixitais que lle facilitou impartir as clases semipresenciais do curso 2020-2021. A moitos dos que non tiveron esa experiencia de impartir docencia a través das aulas virtuais costoulle moito a adaptación ao escenario de semipresencialidade.

Analizando o número de alumnos e alumnas asistentes ás reunións tamén se pode apreciar un certo desinterese de boa parte do alumnado polo programa de acción tutorial, a pesar da publicidade que se lle da por parte dos órganos de dirección do centro. É por isto polo que o Decanato opta por informar continuamente ao alumnado das actividades, canles de comunicación cos órganos do centro, etc., para que podan estar ao tanto de todo o que transcorre na facultade. Utilízase tanto a páxina web do centro, como os espazos comúns mantidos na plataforma Moovi e as redes sociais.

Con todo, un elevado número de estudantes optan por consultar as súas dúbidas, inquiredanzas ou mesmo pedir consellos directamente á coordinadora do PAT. Fano persoalmente, nas dependencias da Facultade, como solicitando titorías virtuais o a través de correo electrónico. Nos últimos dous anos multiplicouse significativamente o número de correos de consulta recibidos; especialmente nos dous primeiros e os dous últimos meses do curso. Entre as dúas titulacións de Grao da Facultade a coordinadora do PAT recibiu máis de 300 correos con consultas, que foron atendidos no mesmo día ou ao día seguinte da súa recepción.

Consideramos, por tanto, que entre as accións directas levadas a cabo mediante reunións co alumnado, a publicidade de información por diversos medios e a atención directa a través do correo electrónico, a valoración do Plan de acción tutorial é moi positiva.

III. PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL DO GRAO EN ECONOMÍA

Como foi comentado na introdución a este informe, na sesión de presentación do curso, o 2 de setembro de 2020, fíxoselles aos estudantes da Facultade unha exposición sobre que é o PAT e por que é interesante para eles a súa participación activa no desenvolvemento do mesmo.

Ao pouco tempo do comezo das clases, enviáuselles un correo electrónico no que se lles informou sobre os títulos que se lles asignaran e publicouse na web da Facultade o listado coas referidas asignacións (Anexo III do Informe).

Para o alumnado de primeiro curso organizouse unha sesión informativa no mesmo mes de setembro para explicarlles o desenvolvemento do programa de mentorización e asignarlles alumnado tutor. As reunións do programa MEET esténdense ao longo de todo o curso.

Para o resto de cursos, durante o mes de novembro, unha vez que o curso xa estaba en marcha, organizáronse reunións virtuais a través de campus Remoto, en horario de tarde para que puidese acudir o maior número de alumnos que fose posible, xa que a docencia no Grao en Economía está organizada en quendas de mañá. A causa da situación derivada da pandemia o curso tivo que ser organizado de forma semipresencial, de modo que o alumnado asistía ás instalacións da Facultade semana si, semana no. A utilización de aulas virtuais para a realización das reunións resultou de gran utilidade.

Día e hora da reunión	Curso
Mércores 11 de novembro de 2020, 16 h	2º, 3º e 4º de Economía

A asistencia do alumnado non foi moi alta, a pesar do envío de correos electrónicos informativos nos que se destacaba a importancia da súa presenza na reunión. Asistiron un total de 32 alumnos e alumnas dos distintos cursos.

Na seguinte táboa resúmese a información tratada co alumnado de 2º a 4º curso do Grao en Economía.

TÁBOA 5 PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías

Centro	FCCEE	Ano académico 2020/2021		
Curso e Titulación	2º, 3º e 4º Grao en Economía			
Data e hora	Mércores 11/11/2020, ás 16 h. Salón de actos			
Tipo de Titoría	En grupo	X	Individual	
Alumnado asistente a la reunión:	32 alumnos/as			
Tipo de reunión	1º cuadrimestre			
Reunión solicitada por	Coordinadora PAT			
Motivo de la reunión:	Avaliar a evolución dos primeiros meses do curso e presentarles os proxectos do equipo decanal.			
Temas formulados:	<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da asistencia a clases - Importancia da asistencia ás conferencias organizadas polo Decano ou polo profesorado do Centro. - A participación do alumnado nos órganos colexiados da Facultade. - Convocatoria de eleccións para a representación do alumnado nos órganos de goberno da Facultade. - Información sobre o Foro de Emprego. - Información sobre os programas de mobilidade e a acreditación de idiomas - Información sobre as canles de comunicación entre a Facultade e o alumnado (páxina web, faitic, moovi, redes sociais...) - Información sobre os Actos de Graduación para o alumnado de 4º curso. - Potenciais accións de mellora na Facultade 			
Desenvolvemento (observacións):	A reunión transcorreu nun ambiente cordial e sen ningún tipo de incidencia destacable. O alumnado mostrou moito interese polo Foro de emprego e pola posible organización do Acto de Graduación.			
Acordos e compromisos:	Seguir informando sobre o Foro de emprego e o acto de Graduación nos primeiros meses do novo ano.			

No segundo cuadrimestre organizáronse novas reunións co alumnado da titulación co fin de analizar a evolución do curso. Novamente, as reunión foron convocadas no salón de actos virtual da Facultade.

Xoves 15 de abril - 16h	2º, 3º e 4º Grao en Economía - Salón de actos virtual da FCCEE
-------------------------	----------------------------------------------------------------

A participación foi semellante a da reunión celebrada no primeiro cuadrimestre.

TÁBOA 6: PLAN DE ACCIÓN TITORIAL: Ficha de seguimento de titorías

Centro	FCCEE	Ano académico 2020/2021	
Curso e Titulación	2º, 3 e 4º Grao en Economía		
Data e hora	Xoves 15 de abril, ás 16h, no salón de actos virtual da Facultade.		
Tipo de Titoría	En grupo	X	Individual
Alumnado asistente á reunión:	34 alumnos/as		
Tipo de reunión	2º Cuadrimestre		
Reunión solicitada por	Coordinadora PAT		
Motivo de la reunión:	Avaliar a traxectoria no curso do alumnado da Facultade		

Temas formulados:	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento das clases semipresenciais. - Participación nas eleccións para a representación do alumnado nos órganos de goberno da Facultade. - Valoración do Foro de Emprego. - Enquisas de avaliación docente. - Enquisas de satisfacción. - Posibilidade de realizar actos de graduación.
Desenvolvemento (observacións):	<p>Como no primeiro cuadrimestre a reunión transcorreu nun ambiente cordial e sen ningún tipo de incidencia.</p> <p>O alumnado valorou a evolución do profesorado no emprego da tecnoloxía para o desenvolvemento da docencia semipresencial.</p>

Como conclusión final pódese afirmar que o curso transcorreu sen incidentes e que tanto o alumnado coma o profesorado fóronse adaptados á situación excepcional de semipresencialidade derivada da situación sanitaria. Tanto o alumnado coma o profesorado da Facultade entenden a semipresencialidade coma un mal menor, pero prefiren escenarios de presencialidade total.

Das reunións co alumnado pódese tamén concluir que o profesorado que xa impartira clases virtuais no segundo cuadrimestre do curso 2019-2020 adquirira competencias dixitais que lle facilitou impartir as clases semipresenciais do curso 2020-2021. A moitos dos que non tiveron esa experiencia de impartir docencia a través das aulas virtuais costoulle moito a adaptación ao escenario de semipresencialidade.

Analizando o número de alumnos e alumnas asistentes ás reunións tamén se pode apreciar un certo desinterese de boa parte do alumnado polo programa de acción tutorial, a pesar da publicidade que se lle dá por parte dos órganos de dirección do centro. É por isto polo que o Decanato opta por informar continuamente ao alumnado das actividades, canles de comunicación cos órganos do centro, etc., para que podan estar ao tanto de todo o que transcorre na facultade. Utilízase tanto a páxina web do centro, como os espazos comúns mantidos na plataforma Moovi e as redes sociais.

Con todo, un elevado número de estudantes optan por consultar as súas dúbidas, inquedanzas ou mesmo pedir consellos directamente á coordinadora do PAT. Fano persoalmente, nas dependencias da Facultade, como solicitando titorías virtuais o a través de correo electrónico. Nos últimos dous anos multiplicouse significativamente o número

de correos de consulta recibidos; especialmente nos dous primeiros e os dous últimos meses do curso. Entre as dúas titulacións de Grao da Facultade a coordinadora do PAT recibiu máis de 300 correos con consultas, que foron atendidos no mesmo día ou ao día seguinte da súa recepción.

Consideramos, por tanto, que entre as accións directas levadas a cabo mediante reunións co alumnado, a publicidade de información por diversos medios e a atención directa a través do correo electrónico, a valoración do Plan de acción tutorial é moi positiva.

PROGRAMA DE MENTORES NO GRAO EN ECONOMÍA

No curso 2020-2021 os alumnos que participaron como mentores foron os seguintes alumnos de 3º de economía:

- Paula Cecilia Gayoso Covas
- Ana Lima Romero
- Ana Doforno Novo
- Diego Pérez Casal
- David Díaz

Todos eles recibiron os cursos de formación en competencias transversais en sesións de 4,5 horas durante unha semana en xuño e outra en setembro.

O calendario foi o seguinte:

3 xuño: Introducción
4/5 xuño: Comunicación
6/7/10 xuño: Intelixencia social, traballo en equipo e liderado, motivación
11/12/13 xuño: Intelixencia emocional, autoconecemento e xestión emocional
2/3 de setembro: Organización e xestión do tempo e o estudo
4/ de setembro: Mentoría

Durante o curso programáronse oito sesións cos alumnos de 1º do Grao en Economía, catro por cuadrimestre. As salas utilizadas foron os seminarios A-E da FCCEE.

Os principais problemas detectados no programa foron:

- As sesións do primeiro cuadrimestre desenvolvéronse con algunhas dificultades para cadrar horarios, polo que sería interesante que esta actividade tivésese en conta na elaboración dos horarios de clase.
- Polo que se refire ao segundo cuadrimestre, a situación sanitaria e o decreto de alarma supuxeron un problema para as reunións.

IV. SESIÓN INFORMATIVA SOBRE O PROCESO DE SELECCIÓN, ASIGNACIÓN E REALIZACIÓN DOS TFG

No mes de setembro informouse ao alumnado que, a principios de outubro, organizaríase unha sesión online no salón de actos virtual da FCCEE para informar ao alumnado de cuarto curso dos graos en ADE, Economía e o PCEO ADE-Dereito do proceso de selección, asignación e realización dos Traballo de fin de grao.

A sesión organizouse o mércores 7 de outubro de 2020. A asistencia foi moi elevada. Máis de 150 alumnos e alumnas asistiron á presentación, realizada pola persoa coordinadora dos TFG da Facultade, a vicedecana de Calidade e Coordinación.

Dado que un número considerable de alumnos/as expresoulle á vicedecana a súa preocupación, porque por motivos laborais non podería asistir á reunión, optouse por gravala e colgar o vídeo no espazo común do TFG na plataforma Moovi. A información puido chegar así a todo o estudiantado matriculado no TFG.

A reunión estruturouse en seis partes.

- i) Información sobre a oferta de traballos feita polo profesorado da Facultade con docencia maioritaria nas distintas titulacións.
- ii) Información sobre a normativa da Facultade para a elección de TFG (elíxese por un sistema de méritos, no que o alumnado vai indicando as súas preferencias segundo a súa nota de expediente académico).
- iii) Información sobre a aplicación da secretaría virtual a través da cal poden indicar as súas preferencias. A selección organízase por quendas para facilitarlle o proceso ao alumnado.
- iv) Información sobre o sistema de avaliación dos TFG na Facultade.
- v) Información sobre o curso que organiza a Biblioteca da UVigo e consellos para a elaboración do TFG.
- vi) Resolución de dúbidas

A experiencia foi moi positiva e así o recoñecen os propios alumnos e alumnas, que consideran que lles resultou de gran utilidade.

V. A ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS TRANSVERSAIS.

Para o equipo decanal é fundamental que o alumnado poda adquirir competencias transversais e *soft skills*, xa que serán moi importantes para o acadar os seus obxectivos e para o seu futuro desenvolvemento profesional. Con tal motivo organízanse conferencias e talleres ao longo do curso.

No curso 2020 - 2021 estas actividades desenvóléronse en formato virtual ou híbrido, dada a limitación de aforos a causa da pandemia de covid-19.

O alto nivel dos/as poñentes non deixa lugar a dúbida sobre a importancia outorgada a este tipo de actividades e fai delas un extraordinario medio para a aprendizaxe a a posibilidade de contar cunha visión da profesión moi preta da realidade.

De seguido faise un relatorio de todas as actividades desenvolvidas neste campo.

CONFERENCIAS

- 1 de outubro de 2020: "La lucha contra el COVID-19: Zendal & Uvigo", Poñente: Andrés Fernández, CEO de Zendal.
- 21 de outubro de 2020: "El papel del BCE en la crisis económica provocada por la pandemia generada por el COVID-19". Poñente: Luis de Guindos, Vicepresidente do Banco Central Europeo.
- 28 de outubro de 2020: "La gestión de las emociones cuando se trabaja en equipo". Poñente: Inma Puig, psicóloga clínica, profesora no departamento de Dirección de Recursos Humanos de ESADE, psicóloga no F.C. Barcelona e, desde o ano 2014, asesora do restaurante El Celler de Can Roca.
- 6 de novembro de 2020: "Los retos del sector energético en el actual escenario de transformación: una visión desde Galicia". Poñentes: Pablo Fernández Castro, Presidente e CEO de NORVENTO, e de Xavier Labandeira, Catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo, director de Economics for Energy e integrante do Grupo Inter Gubernamental sobre Cambio Climático da ONU (IPCC).
- 15 de novembro de 2020: "Una carrera dedicada al desarrollo corporativo". Poñente: Enrique Lloves Vieira, Conselleiro e socio de MASCATO, S.A.

- 2 de decembro de 2020: “Covid19 y economía: lecciones aprendidas e incertidumbres futuras”. Poñente: Miguel Sebastián, ex-ministro de Industria, Turismo e Comercio do Goberno de España.
- 10 de marzo de 2021: “Experiencias en primera persona”. Poñente: Marta Fernández Queimadelos, CEO de T-Solar.
- 17 de marzo: “Más allá de los límites”. poñente: Roberto Bermúdez de Castro, Regatista olímpico, participante en dúas Copa América e sete Voltas ao mundo.
- 7 de abril de 2021: “Olimpismo, economía y deporte”. poñente: Alejandro Blanco Bravo, presidente do Comité Olímpico Español (COE).
- 14 de abril de 2021: “La gestión de la adversidad”. poñente: Gustavo Zerbino, superviviente do accidente dos Andes de 1972.
- 28 de abril de 2021: Mesa redonda: “Oportunidades de negocio e inversión entre Japón y España”. Ponentes: Xosé Carlos Arias, catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Vigo; Pedro Cordero, coordinador de proxectos da Organización de Comercio Exterior de Xapón (JETRO); Tomás Zumárraga, director xeneral de Shacho Kai, unha asociación sen ánimo de lucro que inclúe empresas sitas en España que teñen ao menos o 10% del capital xaponés; Rosario Froján e Alfredo Olmedo, socios-directores da firma galega de moda D-Due que ten moito éxito no mercado xaponés, e Pedro Mouríño, coordinador do Foro de Internacionalización do Círculo Empresarial Galego e presidente de Iberatlantic Global Corporation que moderará a mesa redonda

CHARLAS E TALLERES

- O uso de LinkedIn no proceso de buca de emprego”. Poñente: Micofer.
- Como facer unha entrevista de traballo? Poñente: Micofer.
- “Liderazgo e estratexia persoal. As claves para orientar a túa carreira”. Poñente: Galicia Business School, en colaboración co Colexio de Economistas de Pontevedra.

- “As cinco competencias básicas para traballar”. Poñente: Rafael Martínez. Human Resources Manager en Denso Sistemas Térmicos.
- “Emprender no sector financeiro”. OVB Allfinanz España.
- “Un día na vida dun abogado de Uría y Menéndez”. Depacho Uría y Menéndez.
- “Planifica a túa carreira profesional”. Poñentes: Gonzalo Oliveira (Área de supervisión del BCE); Laura Prieto (Asesora de Comercio e Inversións internacionais del ICEX). Ambos son ex-alumnos da FCCEE.
- “De estudante da Uvigo a consultor financeiro en AFI”. Poñente: Diego Aires. Ex-alumno da FCCEE e Consultor en Analistas Financieros Internacionales.
- “Que perfil profesional se require para acceder a un despacho xurídico? Como es el proceso de selección?” Poñente: Pablo Egerique Mosquera. Despacho Garrigues.
- “En busca do teu primeiro emprego”. Poñente: Maica Nieto Castro. ADECCO.
- “Mediación: disciplina para a xestión e resolución de conflitos. Habilidades mediadoras: o tesouro que buscan as organizacións nos candidatos”. Poñentes: María González Gordon. Socia en C/M/S Spain; Beatriz Rodríguez Sánchez. Mediadora; María Martínez Quintana. Mediadora e Facilitadora de Equipos”. ENSO.

VI. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL DO MASTER EN ADMINISTRACIÓN INTEGRADA DE EMPRESAS E RESPONSABILIDADE SOCIAL CORPORATIVA (MAiE).

O Plan de Acción de Titorización do MAiE supón un conxunto de actuacións destinadas a favorecer a integración do alumnado na vida universitaria e atender ás súas necesidades formativas e informativas. Aspecto importante, xa que a maioría dos alumnos do MAiE non cursou os seus estudos na Universidade de Vigo e un bo número deles ten a súa orixe en sistemas universitarios distintos do español.

Este plan baséase na implementación dunha serie actuacións e actividades dirixidas a alcanzar unha óptima acollida e de orientación aos alumnos, que se articulan ao redor das seguintes actuacións:

i) ACCIÓNS PREVIAS Á MATRÍCULA

- No período previo ao comezo do proceso de preinscrición e matrícula mantense unha política de resposta rápida e subministración de información o máis axustada posible aos requirimentos das persoas que mostran o seu interese por coñecer ou realizar o MAiE, ben persoalmente ou ben a través de conversacións telefónicas ou do correo electrónico.
- Ademais disto, unha vez coñecido o seu interese no MAiE mantense unha comunicación fluída cos posibles candidatos a realizar a matrícula no Máster co obxecto de fornecer información sobre os principais aspectos do MAiE e da Universidade de Vigo coa finalidade e lembrarilles os trámites a realizar e os prazos de preinscrición e matrícula.
- Outro aspecto ao que se lle presta especial atención cos alumnos que proveñen de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior é o de informar os trámites que deben realizar á súa chegada coa documentación xustificativa da súa titulación e a emisión, en colaboración co Servizo de Posgrao a Universidade de Vigo, de documentos que lle faciliten os trámites para vir a España.
- Durante o proceso de preinscrición e matrícula realízase asesoramento personalizado aos estudantes co obxectivo de manter aos alumnos informados en cada unha das fases do proceso e a situación na que se atopa a súa solicitude e, tamén, de axudarilles si a documentación presentada para a súa admisión presenta algunha deficiencia que deba ser emendada. O proceso realízase principalmente vía correo electrónico e vía telefónica, e apóiase nos documentos subidos polos interesados á plataforma de matrícula da Universidade ou os fornecidos directamente aos coordinadores do MAiE.

ii) ACCIÓNS POSTERIORES Á MATRÍCULA

- Unha vez matriculados e antes do comezo das clases, a coordinación de MAiE ponse en contacto cos alumnos para facilitarlles máis información sobre o MAiE, así como tamén sobre outros aspectos relacionados coa cidade, a universidade e o centro no que se van a desenvolver as actividades docentes. A aqueles que non coñecen a cidade tamén se lles proporciona asesoramento sobre a mesma e os medios de transporte que poden utilizar para trasladarse ao campus universitario de Vigo.

- Os alumnos son convocados a unha sesión inaugural de orientación onde se lles explican os principais aspectos académicos de funcionamento do MAiE: calendario de clases e exames, sistemas de avaliación, guías docentes, plataformas de apoio á docencia, responsables de cada materia e datos de contacto, partes de asistencia, onde dirixirse si teñen algunha dúbida académica ou administrativa, etc. Nesta sesión explícase aos alumnos aspectos relacionados co normal desenvolvemento do MAiE, as formas de contacto coa coordinación do título e a coordinación de materias. Así mesmo, acláranse aspectos docentes e formais importantes para o desenvolvemento das clases e as opcións para desenvolver a súa TFM (académico e práctico) e as prácticas.

- A maior parte desta información tamén se lles fornece aos alumnos matriculados a través dun dossier Inicial de MAiE. Neste documento recóllese información sobre: calendario de clases e exames, sistemas de avaliación, guías docentes, plataformas de apoio á docencia, responsables de cada materia e datos de contacto, partes de asistencia, onde dirixirse si teñen algunha dúbida académica ou administrativa, etc. No anexo ofrécese o dossier inicial entregado ao alumnado ao comezo do curso.

- Ademais, existe un espazo na plataforma MooVi denominado "Espazo Común do Máster Universitario en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa" cuxo obxectivo é apoiar e orientar aos alumnos unha vez matriculados e onde está dispoñible gran parte da información que se facilita na sesión inicial de orientación. A través desta plataforma tamén se lle facilita unha Guía de Acollida e outra documentación que lle pode resultar de utilidade para facilitar a súa incorporación á Universidade de Vigo e para o seguimento da actividade docente do MAiE.

- A información fornecida na Guía de Acollida permite aos estudantes de fóra da Universidade de Vigo obter información dos distintos trámites que deben realizar ao incorporarse como alumnos, xa que deben ter acceso ás distintas ferramentas que se empregan para facilitar a actividade docente como MooVi e o Campus Remoto, tamén deben afacerse ao uso e funcionalidades da plataforma na que realizan os trámites administrativos, solicitar unha conta de correo electrónico que lle permita o acceso á rede Wi-Fi, etc. E, ademais, informar de a necesidade da realización de xestións como son a obtención dun carné que lle permita, por exemplo, o acceso aos fondos da biblioteca, ou a obtención do cartón de transporte para realizar o desprazamento ao campus e a cidade de Vigo.

